

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL - OURENSE

ASUNTO: Denuncia por vertedura ao río dos Muíños (río Barbañica)

D. **XXXXXX**, maior de idade, con DNI nº xxxxxxx, con enderezo a efectos de notificación en xxxxxx, 24 C.P. xxxxxx Seixalbo (Ourense), en representación da **PLATAFORMA CIDADÁ RÍOS LIMPOS**, aos efectos oportunos e como mellor en dereito proceda, comparezo e **DIGO**:

Que en defensa do interese difuso constituído polo ben xurídico do medio ambiente e en atención ás queixas recibidas por particulares presentadas ante a citada Plataforma,

EXPÓN:

PRIMEIRO: Que os pasados **26, 27, 29 e 30 de maio** detectáronse unhas verteduras no **río dos Muíños** afluente do río Barbañica, no treito que discorre polos **concellos de Taboadela e A Merca**, na provincia de Ourense.

SEGUNDO: Que como consecuencia das verteduras, as augas do citado río presentaban unha cor grisácea debido á orixe das mesmas. No contorno do río e ao longo do treito citado, estanse a realizar obras de contrución da autoestrada Ourense-Celanova AUCEL, executadas pola UTE Celanova (COPASA-EXTRACO,S.A.) sociedade concesionaria da Xunta de Galicia, e promovida pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

TERCEIRO: Que debido á falta de medidas correctoras axeitadas, non hai as preceptivas balsas de decantación, nin se toman as medidas de precaución axeitadas para este tipo de obras públicas, co cal cando se producen choivas, arrástranse ao canle do río, terra vexetal, restos de minerais, materia orgánica, procedente dos desteros e excavacións realizadas debido ás obras da autoestrada anteriormente citada.

CUARTO: Que os arrastres de minerais, terra vexetal e materia orgánica ao canle do río, está afectando ao seu ecosistema (flora e fauna), á calidade das algas e está producindo ao mesmo tempo a colmatación do canle.

Os verquidos ao cauce do río dos Muíños, afluente do Río Barbaña, son visibles dende a súa parte alta ata a desembocadura no río Barbaña no lugar coñecido como Pozo do Inferno (Ponte de Marcelo Macías da cidade de Ourense). As algas, cheas de residuos, son visibles ao seu paso pola Valenzá, pola cidade de Ourense así como na desembocadura do río Barbaña co río Miño.

A colmatación do cauce e visible ao longo de todo o cauce, a altura do Parque Natural de interese local coñecido como A Boutueira (San Cibrao das Viñas) no lugar coñecido como Muiño de Soutopenedo na acea existente observanse centos de toneladas de materiais procedentes dos arrastres enriba indicados.

QUINTO: Que o Real Decreto Lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas, define os vertidos coma “...os que se realicen directa ou indirectamente nas augas continentais, así como no resto do dominio público hidráulico, calquera que sexa o procedemento ou técnica utilizada. Queda prohibido, con carácter xeral, a vertedura directa ou indirecta de augas e de produtos residuais susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico, [...]”.

SEXTO: Que a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de Responsabilidade Ambiental, promove o principio de prevención e o principio de “*Quen contamina, paga*”. En base a estes principios, a responsabilidade medioambiental para promover a prevención de accidentes e danos ambientais, corresponde ao operador responsable, obrigado á reparación que consiste en devolver os recursos naturais danados ao seu estado orixinario. A Plataforma Cidadá Ríos Limpos considera fundamental que as administracións responsables directas do coidado do medio ambiente e da saúde das persoas, coñezan o contido desta Lei de responsabilidade ambiental e a fagan cumprir ás empresas potencialmente perigosas ou susceptibles de contaminar, previndo a produción de accidentes instrumentando novos sistemas de responsabilidade.

SÉTIMO: Que no caso que tratamos, atópase unha dobre responsabilidade: dun lado a da empresa, pola falta de dilixencia sobre unhas obras que está a realizar. Así o establece o artigo 9 da lei cando di: “Os operadores das actividades económicas ou profesionais incluídos nesta lei, están obrigados a adoptar e a executar as medidas de prevención, de evitación e de reparación de danos medioambientais e a sufragar os seus costes [...]”.

Así mesmo, o artigo 17 establece as obrigacións do operador en materia de prevención e de evitación de novos danos, adoptando medidas preventivas axeitadas para a evitación de novos danos.

Por último, o artigo 19 regula as obrigacións en materia de reparación.

E, doutro lado, a responsabilidade da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas como administración que debe garantir que a execución destas obras non dane un ben xurídico colectivo como é o medio ambiente.

OITAVO: Que o artigo 325 do Código Penal castiga a quen “*provoque ou realice directa ou indirectamente emisións, verteduras, radiacións, extraccións ou escavacións, soterramentos, ruidos, vibracións, inxeccións ou depósitos, na atmosfera, no solo, no subsolo, ou nas augas terrestres, marítimas ou subterráneas [...]*”.

Que se imporá a pena superior en grado cando na comisión de calquera destes feitos, os mesmos se realicen coa concurrencia dalgunha das circunstancias que sinala o artigo 326 do mesmo texto normativo: os feitos que aquí se describen puideran realizarse de “forma clandestina”, non dispoñendo da preceptiva autorización ou aprobación administrativa para elo (art. 326 a)); ocultando información sobre os aspectos ambientais da actividade (art. 326 b)); ou, producindo un risco irreversible ou catastrófico (art. 326 e)).

Que o artigo 332 do Código Penal tipifica como delito relativo á protección da flora, o que “*con grave prexuízo para o medio ambiente [...] destrúa ou altere gravemente o seu hábitat*”.

NOVENO: Que o procedemento para obter a autorización administrativa de vertedura a que se refire o artigo 101 da Lei de Augas, mostrou determinadas carencias para adecuar ás previsións da propia Lei de Augas, a un ritmo axeitado, as verteduras derivadas fundamentalmente da actividade industrial. A consecuencia non é outra que a existencia na actualidade, xunto a determinadas verteduras ilegais, a maioría deles, con todo, susceptibles de acomodación á norma mediante a adopción das medidas de tratamento axeitadas, un número inxente de autorizacións de vertedura provisionais prolongadas no tempo que, por circunstancias diversas, non accederon aínda ao nivel de definitivas.

DÉCIMO: Que a transposición, por outra banda, das Directivas Europeas na materia, así como a propia actividade industrial como orixe de verteduras, impoñen a adopción sen demora de solucións complementarias das existentes que permitan, en breve prazo, a normalización da situación no marco da lei, debendo estimularse a colaboración no devandito proceso dos responsables das verteduras. En consecuencia, o Real Decreto Lexislativo pretende un obxectivo fundamental. Isto é, alcanzar o ordenamento definitivo das verteduras existentes a través de «plans concretos de regularización» chamados a conseguir, mediante unha serie de actuacións programadas no tempo, o axeitado tratamento de todo vertido. En coherencia coas medidas de regularización que se establecen, a inviabilidade dunha vertedura, xa sexa debida ás características do mesmo, ao seu defectuoso tratamento ou ao incumprimento das previsións correctoras, motivará a súa suspensión ou clausura sen prexuízo da adopción das demais medidas contidas na norma.

Por todo isto, **SOLICITA:**

Que tendo en conta os feitos descritos e en vista de que as verteduras por obras que neste escrito se denuncian **non cumpre os criterios básicos esixidos para garantir a protección do medio ambiente e pondo en perigo a saúde humana** co que a situación puidera devir nun delito ecolóxico, realicen unha investigación dos feitos e, de comprobar que os mesmos son contrarios a dereito, impoñan a correspondente sanción ao infractor e a obriga de repór o medioambiente ao seu estado orixinario.

A este respecto, o artigo 15 do **Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo**, recolle o dereito de toda persoa física ou xurídica de acceder á información en materia de augas e, en particular, á información sobre vertidos e calidade das augas.

**** Achéganse as coordenadas dos cinco puntos de verquido detectados ao Río dos Muiños - Río Barbañica:**

Verquido 1.- UTM 29T (0591350 4676864). Verquido 2.- UTM 29T (0589380 4675647). Verquido 3.- UTM 29T (0589517 4675826). Verquido 4.- UTM 29T (0590401 4676584). Verquido 5.- UTM 29T (0590338 4676559).

En Ourense, a xxx de xuño de 2011

Asdo.: xxxxxx

Representante da Plataforma Cidadá Ríos Limpos